

# camiñar cara a unha escena plural - o caso Outes

entrevista de Ana Abad de Larriva a Santiago Nieto, técnico de cultura de Outes



*Ola, Santi, gustárame que falásemos entón arredor desta cuestión de camiñar cara a unha escena plural, centrándonos no caso do Concello de Outes, onde levas traballando vinte e cinco anos como técnico de cultura e xuventude.*

Cando Sabela e Caterina se puxeron en contacto comigo para comentar o proxecto e animarnos a entrar nel, pareceume unha proposta tan apetecible e tan ben artellada que me sentín moi ilusionado de que pensasen en Outes como espazo para incluír dentro de «Cara a unha escena plural». Achegar o mundo da danza a contextos onde «por principios» pensamos que poden resultar un tanto afastados e achegar propostas de danza a contextos rurais para ver as posibilidades e dimensións que se poden abrir co público pareceume unha maneira de enfrontar con naturalidade esta cuestión. Educar, explicar e motivar para logo valorar o momento artístico da creación e o traballo que temos diante noso, as artes do movemento, a danza.

*Estiven a ver a programación cultural para os meses de xullo e agosto e nela predominan os concertos, aínda que teñen tamén presenza os monólogos. Son esas as propostas que teñen unha maior/mellor acollida en Outes?*

Sobre todo quixemos lanzar unha programación pensada para espazos pequenos e moi diversos. Quíxose descentralizar a planificación cultural levándoa a diferentes parroquias do noso concello. Conxugando lugares que dalgún xeito nos aseguraban certo número de público. Ben porque son datas de festexos neses lugares, ou porque son sitios que xa teñen un público determinado e que nos podían asegurar certa participación. Por outro lado, queríamos programar eventos de pequeno formato, debido ás circunstancias particulares que estamos a vivir, e parecíanos o

# “deberíamos educarnos por deixar que a nosa percepción, se deixe empapar polo que temos diante, sen prexuízos”

máis axeitado descentralizar a oferta que normalmente se facía case exclusivamente na capital do concello.

A música ten unha importancia moi destacada nestes dous meses de verán e, porén, teño que dicirche que ata o momento «as contadas» foron as propostas que maior número de público acolleron. E tamén apuntar que ata o de agora tampouco os espectáculos de narración oral formaron parte prioritaria da nosa programación. Ás veces cómpre abrirse e probar, experimentar novas formas de achegarnos ao público para ver o resultado que estas teñen.

*Isto é moi interesante, tamén en relación á cuestión que nos ocupa, de ir cara a unha escena plural, en canto a abrirse e probar novas formas de achegarse ao público.*

Si, paréceme de xustiza achegar ao público dunha zona rural como é Outes propostas distintas do que é o teatro en si, novas formas de expresión nas artes escénicas, propostas máis contemporáneas e formatos máis actuais. E tamén en canto a que a xente poida presenciar espectáculos que poden estar en calquera das grandes cidades de Galicia ou en calquera parte do Estado, incluso espectáculos internacionais, por que non? Propostas de calidade que a cidadanía sabe apreciar e recoñecer cando se lles ofrecen. Eu penso que esa é a clave, máis que pensar en se é danza, teatro clásico, máis contemporáneo ou alternativo e diferente ao que acostuma ver...

*En relación a isto, non notas que haxa certos formatos/dramaturxias que, a pesar da súa calidade, non teñan tan boa acollida ou recoñecemento, con respecto a outros?*

Pode ser que os formatos nos condicionen, si. Pero creo que debemos tratar porque non sexa algo tan ríxido na nosa percepción do artístico. Igual que podemos contemplar arte abstracta ou pintura máis convencional, deberíamos educarnos por deixar que a nosa percepción, cando nos enfrontamos a unha obra, se deixe empapar polo que temos diante, sen prexuízos.

*Cres que pode ter que ver a falta de experiencias previas ou referentes por parte das espectadoras e espectadores en canto a determinados formatos?*

Claro que si, e paréceme superimportante ofrecer esas experiencias previas dende o noso papel de facilitadores culturais. Iso fará que o noso público sexa máis receptivo. Promover que a cidadanía sexa máis aberta de cara a poder gozar da multiplicidade artística, sen tanto atranco e sen ser tan limitadores.

Como público intentamos priorizar e somos máis dun formato que doutro, inclinámonos por ir a segundo que evento polo encadramento previo que nos fan, e así temos público ao que non o motiva tanto a música como quen prefire menos o teatro ou máis a danza... Pero creo que se trata de abrirse a novas propostas, novos xeitos de achegarse ao artístico.

Persoalmente intento que esa sexa a miña máxima para enfrontarme á vida e tamén, como non, ás artes. O noso papel como «dinamizadores» da cidadanía penso que é ofrecer na medida do posible variedade, para deixarse transitar polo feito cultural libres de ataduras, para deixarnos facer as nosas escollas con liberdade.

En relación ao anterior quería apuntar que a proposta que temos para o vindeiro outono de La Macana, con *Pink Unicorns*, me parece unha oportunidade fantástica para achegar ao público adolescente a danza e rachar calquera estereotipo que se teña acerca das disciplinas das artes

# “o público outense soe responder moi ben, e agardo que a pesar desta situación actual, siga apostando por seguir asistindo”

do movemento. Estou moi ilusionado por traer ao noso espazo esta obra e teño a certeza de que vai calar moi fondo no público outense. Sobre todo no público adolescente, que agardo que se achegue a ver esta increíble historia entre un pai e o seu fillo *millennial* e a súa relación a través da danza.

O noso orzamento é moi limitado, estamos a falar dun concello que ten pouco máis de 6.000 habitantes repartidos en 100 quilómetros cadrados con máis de 165 núcleos de poboación. Entón con estas premisas, e a pesar do limitados que estamos no plano orzamentario, intentamos que na nosa programación haxa espazo para acoller as máis diversas disciplinas, ou polo menos, iso intento. Procuo visionar o 100% da programación que deseño e, ás veces, é complicado poder atopar espectáculos diversos atendendo a tódolos públicos para os que traballo e intentando variar nun amplo número de disciplinas que quero presentar:

## *Que presenza ten o teatro na programación cultural do concello?*

Na programación do concello o teatro ten unha cabida moi importante e apostamos por unha programación estable de setembro a decembro tódalas fins de semana, sábados sobre todo, e incluso dobrando programación con algún domingo. A nosa oferta na actualidade baséase, sobre todo, na axuda da Deputación da Coruña a través da Rede Cultural. Levamos apostando polas artes escénicas dende hai 24 anos e a gran satisfacción tamén persoal é ver o auditorio de teatro cheo para ver as nosas propostas. O público outense soe responder moi ben e agardo que, a pesar desta situación actual, siga apostando por seguir asistindo. Nós queremos ofrecer uns espazos seguros de cara ás propostas que ofertamos á cidadanía. Que a xente se sinta segura e goce cos espectáculos que programamos.

## *Este mes de agosto tamén ides contar cunha peza da compañía de circo Eia. Que peso teñen habitualmente as propostas escénicas relacionadas coas artes do movemento na vosa programación?*

Intento traer sempre algunha peza de danza, se non é danza contemporánea estritamente, si que teña certa relación coas artes do movemento, ou que mesture disciplinas destas artes.

Para min, que alguén se achegue cando remata un espectáculo para comentarme o que o emocionou tal peza ou o que lle fixo sentir tal obra é unha satisfacción enorme e xa compensa todo o esforzo que supón ás veces convencer da necesidade de programar determinadas funcións que a priori van encamiñadas a un «público máis minoritario».

## *E que acollida xeral teñen estas propostas? Notas que hai unha afluencia heteroxénea ou hai uns espectadores e espectadoras que son os que acoden habitualmente a estas propostas?*

No caso de Outes, podo dicir que en xeral o público que asiste é o público que acode cada fin de semana á programación do Outono Teatral; son os espectadores/as fieis. En xeral, é o mesmo público o que asiste á sesión de teatro que á función de danza.

## *Non obstante, non vin ningún espectáculo de danza contemporánea na programación cultural deste verán. Que presenza ten esta na programación cultural do concello?*

Pois si, finalmente non puidemos programar ningunha función de danza, aínda que teño que dicir que tiñamos aí unha peza de danza para realizar ao pé da praia de Broña, nun marco espectacular, e que finalmente caeu e non puidemos chegar a programar.

# “estamos onde estamos grazas á forza e a aposta da cidadanía por manter esta sólida aposta cultural”

*Que mágoa!*

Si que foi unha mágoa, pero seguramente poderemos reprogramala máis adiante... Como che comentaba, intento incluír sempre algún espectáculo de danza dentro da programación que temos. Pensa que, á parte do Outono Teatral, que vai de setembro a decembro (este ano ampliamos ata xaneiro e algunha fin de semana de febreiro, polas circunstancias excepcionais da COVID-19), e estes meses de xullo e agosto, o resto do ano atendemos a outro tipo de propostas como son a música máis local, programando concertos coa nosa escola de música, coa banda municipal ou coa escola de música tradicional, tres formacións que promocionamos co noso alumnado que asiste ás clases, mais tamén co intercambio destas con escolas doutros lugares. Tamén tentamos deixar un espazo para as artes escénicas enfocadas ao teatro amador ou mesmo ao sector audiovisual.

*Hai algunha periodicidade ou un espazo/marco concreto na programación destas propostas relacionadas coas artes movemento e as artes vivas, coas dramaturxias máis performativas...?*

Neste momento actual non existe.

*Cres que podería ser interesante crealo, igual que tedes o Outono Teatral?*

Pois isto dependerá de como vaia evolucionando a situación. Cando se creou o Outono Teatral hai 25 anos, ninguén sabía se se mantería no tempo, se os políticos apostarían por seguir apoiando unha mostra que naceu nun galpón dun baixo cunha dotación superreducida. Cun escenario que se montaba e desmontaba cada tres meses, con táboas sobre mesas da escola (nun espazo surrealista para os tempos de hoxe) e que pouco a pouco, con cada obra, se ía enchendo de xente. Co paso dos anos, isto foi fornecendo e afianzando espectadores e calando na vontade política; tanto foi así que cada vez máis, e pouco a pouco, fomos logrando incrementar o orzamento para este evento. Estou convencido de que, co paso do tempo, agora estamos onde estamos grazas á forza e a aposta da cidadanía por manter esta sólida aposta cultural. Grazas á asistencia de público, politicamente non era viable reducir ou eliminar esta programación. A cidadanía pode facer moito porque certas dinámicas se manteñan e sigan tendo relevancia na vida cultural dun pobo, e debemos ser conscientes disto.

*E, nesa aposta que desenvolvedes, atendendo á creación local, ou agora, debido ás circunstancias, tendo en conta o contexto xeográfico e diversificando a oferta cultural nas parroquias, vin que tamén ofrecedes diferentes obradoiros. Que tal funcionan? Cres que poderían ser tamén un xeito interesante de achegar a creación nas artes do movemento á cidadanía: ofrecendo obradoiros de público para acercalos á danza e ao movemento, para que coñezan o traballo (e o que hai detrás deste) de diferentes creadores e creadoras..., de xeito transversal á exhibición?*

Estes obradoiros van arrancando lentamente, pero é a primeira vez que se programan así descentralizados. A maioría das veces, os proxectos que lanzas precisan tempo para que vaian arraigando, así que sempre cómpre facer balance, recoller opinións, ver que cousas están ben, cales convén cambiar para ir mellorando... e sacar conclusións para vindeiras planificacións.

É que, tal e como apuntas, unha das partes de «Cara a unha escena plural» é esa parte de obradoiro previo coa cidadanía. Dar a coñecer ese traballo que houbo previo á peza, etc. Pareceume moi interesante e motivador que o público o poida coñecer de primeira man e teña un achegamento máis directo ao mundo da danza, a través dos distintos obradoiros que se planifican.

# “ofrecer unha infraestrutura parada a quen precisa dela é profundar nas premisas dunha sociedade máis sostible”

*E en canto á afluencia do público, a oferta cultural en Outes atrae tamén a espectadores e espectadoras procedentes doutras localidades?*

Maioritariamente é público outense pero tamén recibimos visitantes doutros concellos, si. Tanto dos concellos limítrofes como incluso xente que vén dende Santiago. Co corredor, a distancia a Compostela ronda os 25 minutos, o que fai moi atractivo pasar unha xornada desfrutando da zona e despois, antes do retorno, asistir a un espectáculo dos que temos programados. Tamén o movemento turístico, co boom dos aloxamentos da nosa contorna, e mesmo os habitantes de segunda residencia son consumidores das nosas propostas.

Esta proximidade á capital galega fai tamén que algunhas compañías pensen no noso espazo para minirresidencias preparatorias dos seus espectáculos; tivemos a Berrobambán hai uns anos, o ano pasado ao Colectivo Verticalia, e agora mesmo a Excéntricas, con *Medida x medida*.

*Que ben! Tamén ofreceades residencias de creación ás compañías.*

Si, precisamente, outra das máximas que me inspiran é o ofrecemento do espazo público para as compañías á hora de preparar os seus espectáculos. Paréceme que é unha oportunidade moi grande, á vez que apodera os espazos e concellos que acollen as compañías. Poñer os servizos que unha institución ten ao servizo das industrias culturais creo que axuda na construción dun país que coida do sector. Ter unha infraestrutura parada todos os días que non hai programación e ofrecela a quen precisa dela é profundar nas premisas dunha sociedade máis sostible.

*Pois moitísimas grazas pola conversa, Santi, e por apostar dende o Concello de Outes por seguir camiñando cara a unha escena máis plural.*

---

**Texto 10. Cara a unha escena plural. Ana Abad de Larriva e Santiago Nieto.**

*Publicado en agosto de 2020 na órbita do proxecto “Cara a unha escena plural”, unha iniciativa que impulsa a circulación da danza e artes vivas de carácter profesional en Galicia. O proxecto, impulsado por Caterina Varela e Sabela Mendoza, nace no marco da Galicia Escena PRO 2019 e continúa en 2020 co apoio de Agadic e distintos espazos colaboradores.*